







Gyps fulvus Hablizl, 1783

	voitre común
	buitre leonado
	sai arrea
	voltor comú
	griffon vulture, Eurasian griffon
	abutre-fouveiro, grifo



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Accipitriformes	Accipitridae	<i>Gyps</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS*

Peso	6,2-10,5 kg (♂), 6,5-11,3 kg (♀)
Lonxitude	93-122 cm
Envergadura	2,3-2,8 m

ALIMENTACIÓN

Prea, sobre todo de mamíferos.

COMPORTEMENTO

Son moi sociais, formando normalmente grandes bandadas, inda que tamén poden vivir en solitario. Na época de celo fórmanse colonias maiores de cría. Adoitan ser sedentarios, agás por algúns xuvenís e inmaduros, que fan viaxes de moi longas distancias.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca de decembro a abril, durante o cal fórmanse parellas estables. As femias poñen un só ovo, que incuban tanto ela coma o macho durante 58 días. Os dous tamén se encargan de coidar e alimentar á cría, que pode voar a partires de xullo, e acada a madurez sexual aos 4-5 anos.

HÁBITAT

Zonas montañosas ou con cantís.

DISTRIBUCIÓN

Península Ibérica, boa parte dos Balcáns, Crimea, Sardeña, Creta, sur de Chipre, Anatolia, Cáucaso, norte e leste de Oriente Medio, oeste da Península Arábiga, metade sur de Asia Central, Paquistán, Afganistán, noroeste da India, Nepal, sur do Himalaia, norte de Arxelia e rexións illadas de Francia, Etiopía, Eritrea e centro de Arabia.

CURIOSIDADES

Pasa a meirande do tempo planeando na procura de comida, podendo percorrer ata 300km ao día, e chegar a alturas de ata 6000m sobre o nivel do mar.

A subespecie presente no campus é *Gyps fulvus fulvus* Hablizl, 1783 propia de Europa, norte de África e Oriente Medio. No campus aparece moi esporadicamente.

* Datos de *G. f. fulvus*